



CONTIDOS

Nº	Título	Descrición	Trimestre
1	O texto e as propiedades textuais.	Coherencia, cohesión, adecuación. Conectores. Presentación: Marxes, sangría, ortografía (acentuación, b/v, s/x, h) e puntuación).	1º
2	Búsqueda, selección e presentación de información	Idea principal e secundarias. Esquema, resumo. Uso de dicionarios (papel e virtual), bibliotecas físicas e virtuais). Procesadores de texto, programas de presentación, tradutores e correctores.	1º
3	Semántica	Denotación e connotación. Sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia. Hiperónimos, homónimos, campo léxico e familia léxica.	1º
4	Morfoloxía I	Categorías gramaticais. Palabras variable e invariables. O substantivo e o adxectivo	1º
5	Literatura I	Orixes da literatura, xéneros literarios. O xénero lírico. Elementos da lírica (estrofas, métrica, medida dos versos, recursos estilísticos).	1º
6	Tipos de textos I	Narrativo, descritivo. Características e tipos.	1º
7	Tipos de textos II	Expositivo, argumentativo, dialogado e instrutivo.	2º
8	Textos da vida cotiá	Solicitud, folia de reclamación. Receita. Guión.	2º
9	Morfoloxía II	Determinantes, pronomes e verbos regulares.	2º
10	Literatura II	O xénero narrativo. Subxéneros (conto, novela, fábula) O xénero teatral. Subxéneros (traxedia, drama e comedia)	2º
11	Variedades lingüísticas e situación legal das linguas	Variedades dialectais ou xeográfica. Topónimos e xentilicios Variedades diafásicas Linguas minoritarias e minorizadas. Prexuízos Situación legal do galego A lusofonía	2º
12	Textos xornalísticos	De información, de opinión e mixtos. Xornais (tipos e estrutura)	3º
13	Morfoloxía	Verbos irregulares, adverbios, preposicións e conxuncións.	3º
14	Sintaxe	A frase e as oracións. Funcións sintácticas.	3º
15	Literatura e outras artes	Linguaxe cinematográfica.	3º
	PROXECTOS	Booktrailer Elaboración de material multimedia sobre a Igualdade de xénero.	

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas (test, proba por competencias, proba de contidos, autoavaliación) e orais. PROXECTO (Elaboración e presentación)	60%
Lectura	10%
Producións clase-casa: escritas, orais, esquemas, resumos, textos argumentativos, narrativos, descritivos, debates...	20%
Actitude	10%
Total	100%

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na suma das partes. Esta non se realizará se nalguna das probas escritas ou orais (incluído o exame do libro de lectura) se obtén menos dun catro. Nas producións de clase-casa non se aplica esta condición. A partir do cinco a nota redondearase pasando á seguinte, sempre que se supere a anterior en 0,6 décimas. Por ex. 5,6= 6.

Descontarase por faltas de presentación ou ortográficas leves (0'05), graves (0,10) ata un máximo de 2 ptos, segundo estes criterios: Leves: acentuación non diacrítica. Graves: acentuación diacrítica, (b/v, h, y,), pronomes átonos mal colocados e uso de formas verbais compostas.

Se un alumno falta a unha proba sen xustificante médico ou de deber inescusable, terá un cero nese apartado. O mesmo para a entrega dos traballos, **non se recollen fóra de prazo.**

No caso de detectar que se copia nun exame retirarse a proba inmediatamente e daráselle ao alumno/a a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. De negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

A nota final do curso obtense facendo a media das tres avaliacións, sempre que non haxa menos dun 4 en ningunha delas. Quen non chegue ó cinco poderá realizar un exame final de recuperación en xuño. As lecturas obrigatorias poden recuperarse ó longo do curso ou no exame final. Na proba extraordinaria de setembro entra todo o temario, tamén as obras de lectura.

LECTURAS (Hai versión Epub)

1º trimestre: FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, *Corredores de sombra*, Ed. Xerais; <http://www.xerais.es/libro.php?id=1161682>

2º trimestre: COSTAS, Leticia, *Recinto Gris*, Ed. Xerais; <http://www.xerais.es/libro.php?id=3600064>

3º trimestre: Non hai lectura obrigatoria. Poden realizarse lecturas voluntarias previa consulta coa profesora.

TRABALLOS (pendente de confirmación)

1º Trimestre: Elaboración dun booktrailer do libro de lectura obrigatoria.

2º Trimestre: Traballo sobre a Igualdade de Xénero en colaboración cos departamentos de Inglés e Historia.

3º Trimestre: Pordeterminar.

DATAS EXAMES

1ª AVALIACIÓN			2ª AVALIACIÓN			3ª AVALIACIÓN		
1º Ex.	Lectura	2º Ex.	1º Ex.	Lectura	2º Ex.	1º Ex.	Lectura	2º Ex.
27/10	9/11	14/12						